

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11556 *Real decreto lei 14/2014, do 7 de novembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito para financiar actuacións de distintos departamentos ministeriais.*

O presente real decreto lei ten como finalidade, por unha banda, conceder créditos extraordinarios e suplementos de crédito nos orzamentos de distintos departamentos ministeriais por importe total de 259.754.106,32 euros e, por outra banda, aprobar varias actuacións relativas á colaboración entre a Dirección Xeral da Policía e a Intervención Xeral da Administración do Estado respecto á base de datos nacional de subvencións, ao financiamento do Consello de Transparencia e Bo Goberno e á adecuación da taxa de reposición de efectivos durante 2014.

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito destínanse a atender a cobertura das necesidades e o financiamento das actuacións que se especifican a seguir:

1) Créditos extraordinarios e un suplemento de crédito por importe de 15.000.000 euros no orzamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para financiar as convocatorias e a xestión das axudas do Plan de impulso ao ambiente «PIMA Aire 4» e do Plan de impulso ao ambiente no sector transporte «PIMA Transporte».

O Plan de impulso ao ambiente «PIMA Aire 4» prevé a concesión directa de axudas para a adquisición de vehículos comerciais e vehículos de gas e ten como obxectivo conseguir unha redución das emisións de CO₂ procedentes do transporte e dos custos asociados ao transporte e, polo tanto, unha mellora na competitividade empresarial e unha mellora na calidade do aire, con reducións medias por vehículo substituído do 94 por 100 en emisións de partículas e unha redución de consumo de combustible e das emisións de CO₂ de entre un 10 e un 15 por 100 anual.

Prevese que coa posta en marcha do Plan «PIMA Aire 4» se xerará un crecemento da produción estimado de 40.000.000 euros.

Pola súa parte, o Plan de impulso ao ambiente no sector transporte «PIMA Transporte» recolle a concesión de subvencións para o achatarramento de autobuses, así como de vehículos de transportes de mercadorías con capacidade de tracción propia de máis de 3,5 toneladas de masa máxima autorizada con antigüidade maior de oito anos, co obxecto de reducir a emisión de gases contaminantes e de gases de efecto invernadoiro.

O sector transporte por estrada está sobredimensionado, polo que a eliminación dos vehículos menos eficientes implicará que as mesmas toneladas de produto se transporten en modos máis sustentables como o ferrocarril ou ben en vehículos existentes no parque máis modernos.

Co Plan «PIMA Transporte» conseguiríase reducir, por unidade de tonelada por quilómetro ou viaxeiro por quilómetro substituída, as emisións de partículas entre un 90 por 100 e un 100 por 100 e os óxidos de nitróxeno entre un 30 por 100 e un 100 por 100.

Da mesma maneira espérase unha redución por unidade de tonelada por quilómetro e viaxeiro por quilómetro de ata o 15 por 100 do combustible utilizado e, por tanto, a mesma proporción de minoración de CO₂. A través deste plan estímase un aforro de ata 13 millóns de litros de gasóleo por ano e de ata 35.000 toneladas de CO₂ ao ano.

O desenvolvemento destes plans alíñase cos obxectivos de cumprimento da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, que ten por obxecto sentar as bases en materia de prevención, vixilancia e redución da contaminación atmosférica, para o cal establece que, para cada un dos principais contaminantes, se deban cumprir, ben uns valores límites ou ben uns valores obxectivo, que non se deben superar. Ademais, tanto o Plan «PIMA Aire 4» como o Plan «PIMA Transporte» encádranse entre as medidas previstas no Plan nacional de calidade do aire e protección da

atmosfera, 2013-2016, aprobado polo Consello de Ministros en abril de 2013 co obxectivo de mellorar a calidade do aire en España.

Por outro lado, a Decisión n.º 406/2009/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, establece o esforzo dos Estados membros para reducir as súas emisións de gases de efecto invernadoiro co fin de cumprir os compromisos globais adquiridos pola Comunidade ata 2020. No caso de España fixa unha redución, respecto de 2005, do 10 por 100 das emisións dos sectores denominados difusos (transporte, edificación, residuos e pequenas e medianas industrias, entre outros). Para o cumprimento deste obxectivo, os Estados membros deben aplicar políticas e medidas adicionais para reducir as emisións procedentes de fontes non reguladas polo mercado de dereitos de emisión.

As razóns de urxencia e necesidade que xustifican a dotación dos créditos extraordinarios e do suplemento de crédito para o desenvolvemento do Plan de impulso ao ambiente «PIMA Aire 4» e do Plan de impulso ao ambiente no sector transporte «PIMA Transporte» baséanse nos efectos beneficiosos que estes plans teñen sobre a recuperación da economía, ao afectaren sectores con grande influencia noutros sectores e na creación de emprego.

2) Créditos extraordinarios e suplementos de crédito, en varios departamentos ministeriais, por importe de 13.853.815,33 euros, para facer fronte ás necesidades derivadas do abrocho do ébola en España.

O recente abrocho de enfermidade polo virus do Ébola en África Occidental, considerado unha emerxencia de saúde pública de importancia internacional pola Organización Mundial da Saúde, está poñendo a proba o sistema de alertas e a súa capacidade para garantir unha resposta non só inmediata senón continua no seu diagnóstico.

En datas recentes España viuse afectada por un caso de contaxio do virus do Ébola a un profesional sanitario, e quedou patente a capacidade do Sistema nacional de saúde e dos departamentos ministeriais implicados para a atención de alertas e emerxencias sanitarias, que resulta adecuada en canto ao coñecemento, á axilidade e á efectividade na implantación das medidas hixiénico-sanitarias que se precisan.

Porén, tamén se puxo de manifesto a necesidade inadiable de potenciar esta capacidade de resposta, reforzando os medios dispoñibles actualmente nos departamentos de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Facenda e Administracións Públicas, Economía e Competitividade e Defensa para que coordinadamente se poida facer fronte a unha posible aparición de novos contaxios, especialmente se a situación epidemiolóxica en África Occidental se prolonga no tempo, ou se combina con outras alarmas sanitarias.

Con esta finalidade, mediante esta norma concédense créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento dos ministerios de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Facenda e Administracións Públicas, Economía e Competitividade e Defensa, co imprescindible obxecto de facer fronte, sen demora e dun modo coordinado e eficiente, ás necesidades de atención que se presentaron e que se poidan presentar a consecuencia da aparición da enfermidade polo virus do Ébola no noso país.

– No orzamento do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade concédese, por unha parte, un crédito extraordinario con destino ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria (Inxesa) para a adquisición de equipamentos de protección individual e, por outra parte, suplementos de crédito para reforzar o Centro Coordinador de Alertas e Emerxencias Sanitarias, punto de entrada de todas as alertas sanitarias en España, tanto as que se orixinan nas comunidades autónomas como a nivel internacional, por importe total de 4.971.301,40 euros.

– No orzamento do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas concédense un crédito extraordinario e suplementos de crédito por importe total de 540.510,55 euros, destinados a reforzar os servizos médicos das áreas e dependencias de Sanidade integrados nas delegacións e subdelegacións do Goberno.

Estes servizos teñen un papel moi relevante nesta declaración de alerta sanitaria por virus do Ébola, posto que son os competentes para a aplicación das medidas de sanidade exterior consistentes en todas aquelas actividades que se realicen en materia de vixilancia e control dos posibles riscos para a saúde derivados da importación, exportación ou tránsito de mercadorías e do tráfico internacional de viaxeiros.

A alerta sanitaria supón un notable incremento na actividade destes servizos, en particular dos relativos ao tráfico internacional de viaxeiros, polo que se require a adopción inmediata das seguintes medidas: nomeamento de funcionarios interinos para reforzar as unidades nas cales se deben incrementar os controis no tráfico internacional de viaxeiros, asignación de gratificacións extraordinarias para compensar o incremento de carga de traballo desenvolvido desde a declaración da alerta sanitaria en agosto deste ano e realización de actividades formativas extraordinarias sobre a actuación ante esta enfermidade.

Estas medidas de carácter inmediato deben ir acompañadas doutras, así mesmo urxentes, que permitan unha adecuada prestación deste servizo con carácter permanente. Entre estas encóntrase a cobertura dos postos de traballo considerados como necesarios en función das características dos portos ou aeroportos onde se preste o servizo, mediante a incorporación de funcionarios interinos por vacante, a elaboración dunha instrución sobre xornadas e horarios que estableza criterios homoxéneos en todas as unidades e a formalización dun sistema de retribución por obxectivos que permita retribuír de maneira diferenciada o desempeño.

– No orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade concédese un crédito extraordinario por importe de 870.000,00 euros destinado ao Centro Nacional de Microbioloxía, dependente do Instituto de Saúde Carlos III.

O Centro Nacional de Microbioloxía é o centro nacional de referencia de enfermidades infecciosas e participa no control das alertas asociadas a este tipo de enfermidades, como é o caso na actualidade do abrocho de ébola. Ata a data, realizou o diagnóstico de laboratorio de todos os casos sospeitosos de enfermidade polo virus do Ébola no noso país, efectuando determinacións analíticas de forma urxente para descartalos ou confirmalos.

Este centro, como laboratorio de referencia, ten, por tanto, un papel esencial na detección precoz e confirmación de casos importados, o cal permite illar convenientemente os enfermos evitando a diseminación da enfermidade. Así mesmo, nos casos negativos, descartar rapidamente a infección axuda a desactivar a alerta sanitaria e a rebaixar a alarma que se está creando con cada sospeita de contaxio.

Para isto, conta cun protocolo específico para a análise das mostras sospeitosas de estaren contaxiadas polo virus do Ébola, que recolle todas as medidas necesarias para garantir a protección dos traballadores que realizan as análises, incluíndo o uso de equipamentos de protección individual segundo os estándares internacionais e as instalacións recomendadas para a manipulación de mostras clínicas procedentes de pacientes con sospeita destas infeccións.

A importancia de seguir realizando estas funcións clave para a saúde pública do noso país, e mesmo reforzalas debido ao incremento nos últimos anos deste tipo de alertas e epidemias, fai imprescindible e urxente incrementar os recursos económicos e humanos do Instituto de Saúde Carlos III.

– No orzamento do Ministerio de Defensa concédense créditos extraordinarios e suplementos de crédito por importe total de 7.472.003,38 euros destinados a financiar o equipamento para a atención a situacións de emerxencia por enfermidades altamente infecciosas.

A este respecto, entre outras actuacións, preténdese levar a cabo a remodelación da planta 22 do Hospital Central da Defensa «Gómez Ulla» como unidade de illamento hospitalario de alto nivel, consistente en reorganizar a distribución dos cuartos e espazos existentes para conseguir un máximo de 16 cuartos que cumpran as condicións para

albergar enfermos infecciosos. Correlativamente, resulta necesario dotar a dita planta dos medios necesarios para a súa posta en funcionamento.

Así mesmo, mediante estas modificacións orzamentarias preténdese reforzar os equipamentos dos tres exércitos. En concreto, no Exército de Terra preténdese continuar a formación na Escola Nacional de Sanidade; adquirir cámaras de illamento individuais e para ambulancias, equipamentos de protección individual, bolsas de residuos, material de desinfección, termómetros, material para actividades formativas a organismos civís, equipamentos e material para prácticas.

Na Armada preténdese atender as necesidades relativas ao rescate de inmigrantes no mar; as operacións de visita e rexistro de buques potencialmente perigosos de levar persoal infectado polo ébola; a previsión de desembarco de inmigrantes na illa de Alborán, onde existe un destacamento da Armada; o persoal da liña de voo da base naval de Rota desde onde se pode dar apoio ás aeronaves implicadas en traslados de enfermos de ébola; e a previsión de traslado de persoal infectado polo ébola na cidade de Ceuta, onde non pode aterrizar un avión. Para estas actuacións, requírese dotar as unidades implicadas con equipamentos de protección individual, material de desinfectación e contedores sanitarios para a recollida e retirada de residuos e material contaminado, e realizar as probas de instalación das cápsulas de illamento nos helicópteros.

No Exército do Aire preténdese atender os gastos ocasionados nas dúas operacións de repatriación dos nacionais infectados polo virus do Ébola e a previsión de catro voos adicionais en misións de aeroevacuación médica e transporte de material. Tamén a adquisición de diversos equipamentos sanitarios e de protección, de produtos químicos e farmacéuticos para as aeroevacuacións.

– O custo total das medidas adoptadas ascende a 20.818.863,95 euros, dos cales 13.853.815,33 euros se atenden con cargo aos créditos que se dotan polo presente real decreto lei e o resto, 6.965.048,62 euros, en execución do orzamento 2015.

As razóns anteriormente expostas xustifican a extraordinaria e urxente necesidade na concesión dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito previstos neste real decreto lei, de modo que se doten de forma inmediata os departamentos ministeriais implicados das ferramentas e recursos que permitan reaccionar coa maior celeridade posible ante as alertas que se poidan producir por posible contaxio do virus do Ébola, evitando poñer en risco a poboación e a xeración de alarma social.

3) Suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación por importe de 7.000.000 euros para financiar proxectos de prevención nos países afectados polo abrocho do ébola e nas súas zonas fronteirizas.

O 21 de marzo de 2014, o Ministerio da Saúde da República de Guinea notificou á Organización Mundial da Saúde (OMS) a evolución rápida dunha epidemia de virus do Ébola. Os primeiros casos producíronse en Gueckedou, Macenta e Kissidougou, na rexión forestal e máis tarde en Conakry, a capital do país.

Desde o inicio da epidemia produciuse un importante incremento de casos, seguindo tres principais circuitos de transmisión: comunidades rurais, zonas urbanas e periurbana de Conakry en Guinea e de Monrovia en Liberia, así como zonas fronteirizas de Guinea, Liberia e de Serra Leoa. Nas últimas semanas a situación en Liberia pasou a ser a máis preocupante, ao tempo que a evolución de casos en Serra Leoa parece igualmente imparable.

A gran dispersión xeográfica da pandemia, así como a porosidade das fronteiras, fai moi posible que os países limítrofes confirmen proximamente casos dentro das súas fronteiras. Algúns deses países son prioritarios e estratéxicos para a cooperación española. Os fluxos comerciais e humanos con algúns deles como Senegal ou Nixeria, con conexión aérea directa, fan que esta crise represente un risco evidente para a seguridade nacional. Outros estados como Guinea-Bissau, con estruturas sanitarias practicamente inexistentes, representan un risco moi grave de propagación e enquistamento da pandemia.

Para facer fronte a esta epidemia adoptáronse diversas medidas a nivel internacional. A Organización Mundial da Saúde fixo un chamamento o 27 de agosto de 2014 para frear o abrocho desenvolvido na folia de ruta presentada cun custo estimado de 430 millóns de dólares americanos e unha duración de seis meses. Outras axencias de Nacións Unidas como o Programa mundial de alimentos ou UNICEF tamén reforzaron as súas estratexias e plans de resposta.

En canto á resposta da Unión Europea, a Oficina de Acción Humanitaria da Comisión Europea elevou a súa achega a 11,9 millóns de euros para combater a epidemia. A Dirección Xeral de Desenvolvemento e Cooperación anunciou un paquete de medidas rexionais para a resposta ao ébola de 140 millóns de euros para fortalecer os sistemas de saúde nacionais e reforzar a capacidade dos gobernos rexionais para encarar a crise.

Desde o inicio do abrocho, España vén seguindo moi de cerca a situación tanto desde o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, coma desde as embaixadas e oficinas técnicas de cooperación en África. Desde a primeira fase do abrocho identificouse como unha crise que tiña visos de evolucionar de forma complexa e realizáronse xestións con organizacións humanitarias con capacidade de actuar sobre o terreo.

A Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento aprobou ata o momento apoio para intervencións por valor de 505.000 euros; destaca o envío de dous lotes completos de equipamento médico, material de protección e desinfección, rehidratación e medicamentos específicos por importe de 160.000 euros ao Hospital de San José de Monrovia, xestionado pola ONG Juan Ciudad.

A resposta internacional e española débese reforzar, xa que a previsión é que esta crise necesita, hoxe en día, dunha operación 20 veces maior que a actual. Realizouse un chamamento de 1.000 millóns de dólares americanos por parte do sistema de Nacións Unidas.

Os retos son enormes e o impacto desta crise, en caso de non se conter e atallar nos países foco e limítrofes, é impredecible, pero sen dúbida afectará de forma importante a seguridade nacional española así como a europea, o desenvolvemento económico e social e a estabilidade política dunha das rexións máis estratéxicas para España.

Para loitar contra esta situación, a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, dentro das medidas que ofrece a acción humanitaria española aos países máis afectados pola epidemia, propón desenvolver proxectos por importe de 7.000.000 euros, tendentes fundamentalmente a reforzar a capacidade de tratamento da enfermidade, mellorar a capacitación dos recursos humanos sanitarios locais, reforzar o control das cadeas de transmisión da enfermidade e dar apoio aos servizos de transporte de persoal e carga.

4) Créditos extraordinarios no orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade por importe de 160.271.808,41 euros para atender o pagamento de achegas a institucións financeiras multilaterais (IFIS).

As institucións financeiras multilaterais son intermediarios financeiros especializados en prover financiamento a longo prazo e outros servizos necesarios para facilitar ese financiamento (seguros de crédito e arbitraxe de investimentos, por exemplo) aos países en vías de desenvolvemento, a escala rexional ou global.

Hoxe en día os seus obxectivos van máis alá da loita contra a pobreza, o fomento da educación universal, o combate de enfermidades infecciosas, a eliminación das carencias en infraestruturas dos países menos desenvolvidos ou o peche da fenda dixital, por citar algúns dos obxectivos máis reiterados, para concentrarse con igual importancia en ámbitos fóra da área da axuda ao desenvolvemento, tales como a protección do ambiente e a loita contra o cambio climático, ou diversos temas que afectan a actividade económica e requiren un enfoque regulatorio global.

España, como país desenvolvido, participa nun amplo número de institucións financeiras multilaterais e axuda a financiar as súas estruturas e actividades. Para España é fundamental facer fronte aos compromisos económicos con estas institucións e cancelar as obrigas pendentes con prontitude, tanto para evitar prexuízos a elas na persecución

dos seus obxectivos, como para evitar os efectos negativos sobre as empresas españolas no seu volume de contratación, a asunción de custos financeiros adicionais asociados aos atrasos e a deterioración da imaxe de España nos mercados financeiros.

As obrigas que ocasiona a aprobación dos créditos extraordinarios orixínanse no cambio nos criterios de contabilización acordados por Eurostat de 2012, que supón que só se contabilizarán como activos financeiros as adquisicións de capital das institucións financeiras multilaterais, deixando fóra dese capítulo as contribucións aos fondos que soportan as modalidades de préstamo aos países de menor renda, o que se denomina portelos brandos desas institucións, que se contabilizarán como gasto con impacto no déficit público. Dado que todas as achegas a institucións financeiras multilaterais se estaban financiando con cargo a unha partida orzamentaria dotada no capítulo 8 «Activos financeiros» dos orzamentos xerais do Estado, non foi posible proceder ao seu aboamento, ao non existiren créditos dotados no capítulo 4 «Transferencias correntes», do orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade dos anos 2012 e 2013.

As obrigas que se deben pagar son as seguintes:

- Banco Internacional de Reconstrución e Fomento (Grupo Banco Mundial): 3.000.000 euros.
- Banco Africano de Desenvolvemento: 80.000.000 euros.
- Banco Asiático de Desenvolvemento: 20.274.845 euros.
- Fondo de Ambiente Mundial (Global Environment Facility): 17.810.000 euros.
- Banco Centroamericano de Integración Económica: 916.393 euros.
- Corporación Andina de Fomento (CAF): 8.270.570,41 euros.
- Banco Internacional de Reconstrución e Fomento (Grupo Banco Mundial): 30.000.000 euros.

Polo tanto, o importe total das obrigas que cómpre satisfacer alcanza un total de 160.271.808,41 euros.

Dado que non se dispón de crédito suficiente e adecuado nos actuais orzamentos xerais do Estado, resulta necesaria a súa habilitación mediante a concesión de créditos extraordinarios.

Os créditos extraordinarios que se conceden para esta finalidade non suporán maior déficit público por canto as indicadas obrigas figuran xa imputadas en contabilidade nacional en 31 de decembro de 2013.

As razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión dos créditos extraordinarios mediante real decreto lei veñen constituídas pola exixencia de non demorar a cancelación dos pagamentos pendentes para evitar os efectos negativos a que se fixo referencia.

5) Crédito extraordinario e suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade por importe global de 33.628.482,58 para atender gastos de cuñaxe e posta en circulación de moeda euros.

O artigo 5 da Lei 10/1975, do 12 de marzo, de regulación da moeda metálica, dispón que as moedas se acuñan por conta do Estado na Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, e que o Ministerio de Economía queda autorizado para outorgar os anticipos destinados a cubrir os respectivos custos de produción.

Con base nesta disposición legal, a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Competitividade anticipa fondos á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda nos importes suficientes para cubrir os gastos de cuñaxe de moedas de curso legal. Estes movementos reflíctense en contas non orzamentarias, que se cancelan a medida que se recibe facturación por parte da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda. A aplicación destas operacións non orzamentarias ao orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade efectúase ao final do exercicio.

No ano 2013 quedou pendente de recoñecemento e aplicación ao orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade unha obriga por importe de 883.073,79 euros.

Para atender esta necesidade, dótase un crédito extraordinario polo dito importe e circunscríbese a súa dotación a atender as necesidades correspondentes ao exercicio 2013.

En 2014 a dotación inicial do concepto tampouco permite atender a aplicación ao orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade dos gastos de cuñaxe. Calcúlase unha necesidade de crédito por importe de 32.745.408,79 euros, que se atende mediante o suplemento de crédito no concepto do orzamentos do Ministerio de Economía e Competitividade desde o cal se atende este tipo de gastos.

As razóns que xustifican a súa cobertura mediante real decreto lei responden á necesidade de proceder á aplicación ao orzamento deste exercicio dos gastos realizados.

6) Suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente por importe de 30.000.000 euros para atender o financiamento dos programas de desenvolvemento rural das comunidades autónomas.

Os programas de desenvolvemento rural das comunidades autónomas constitúen o instrumento de aplicación das medidas previstas no Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Estes programas teñen unha considerable incidencia no investimento e no emprego, coa conseguinte repercusión no incremento do PIB. As medidas que inclúen pódense cualificar en medidas de investimento, que se traducen en creación de emprego directo de forma case automática, e noutras medidas, que se traducen en melloras das rendas no medio rural. Así mesmo, as axudas de apoio ao investimento, ademais do gasto público mobilizado, posúen un considerable efecto multiplicador, ao estar condicionada a súa aprobación á existencia dun gasto privado correlativo destinado ao seu financiamento.

Os programas de desenvolvemento rural teñen o carácter de cofinanciados, o que implica a necesidade de dispoñer de financiamento nacional para poder recibir o cofinanciamento dos fondos europeos. Polo tanto, para evitar a perda na recepción de fondos comunitarios no Estado español faise preciso dispoñer do financiamento nacional suficiente para executar os gastos que sustentan o dito cofinanciamento.

Tendo en conta que por cada euro achegado pola Administración xeral do Estado aos programas de desenvolvemento rural se perciben 3,25 euros de achega Feader, dedúcese que a falta de aprobación do suplemento de crédito por importe de 30 millóns de euros para financiar as achegas da Administración xeral do Estado aos programas de desenvolvemento rural suporía unha perda de financiamento europeo no exercicio 2014 por importe de 119,7 millóns de euros.

Así mesmo, débese sinalar que a non disposición por parte das comunidades autónomas do financiamento da Administración xeral do Estado produce a imposibilidade de aboar as axudas aos beneficiarios, tales como o cesamento anticipado da actividade agraria, as indemnizacións compensatorias e as axudas a agricultores novos.

Por outra parte, no presente real decreto lei apróbanse varias actuacións relativas á colaboración entre a Dirección Xeral da Policía e a Intervención Xeral da Administración do Estado respecto á base de datos nacional de subvencións; ao financiamento do Consello de Transparencia e Bo Goberno, e á adecuación da taxa de reposición de efectivos durante 2014.

Así, en primeiro lugar establécese a colaboración entre a Dirección Xeral da Policía e a Intervención Xeral da Administración do Estado respecto á base de datos nacional de subvencións.

Respecto ao financiamento do Consello de Transparencia e Bo Goberno establécese que, con carácter transitorio e mentres non se aprobe o orzamento do Consello de Transparencia e Bo Goberno, os gastos de instalación e funcionamento así como o pagamento de retribucións do persoal se atenderán con cargo ao orzamento do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, logo da realización, se for necesario, das correspondentes modificacións de crédito.

Por último, respecto á adecuación da taxa de reposición de efectivos durante 2014, o artigo 21 da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2014,

establece que non procederá a incorporación de novo persoal nas administracións públicas.

Non obstante, prevese que, no caso das forzas e corpos de seguridade, a taxa de reposición será con carácter xeral do dez por cento.

Adicionalmente, establécese unha excepción a esta taxa de reposición do dez por cento ao se establecer a seguir que, no suposto das prazas correspondentes ao persoal da policía local, se poderá alcanzar o cento por cento da taxa de reposición de efectivos sempre que se trate de entidades locais que cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das facendas locais ou, de ser o caso, as leis de orzamentos xerais do Estado, en materia de autorización de operacións de endebedamento. Ademais, deberán cumprir o principio de estabilidade a que se refire o artigo 11.4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, tanto na liquidación do orzamento do exercicio inmediato anterior como no orzamento vixente.

Desta forma, a Lei de orzamentos introduce un tratamento desigual respecto das administracións territoriais en canto ao que se refire ao tratamento da taxa de reposición de efectivos correspondente ás forzas e corpos de seguridade.

As entidades locais que cumpran cos seus obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública poden alcanzar unha taxa de reposición do cento por cento respecto dos efectivos de policía.

Pola contra, as comunidades autónomas que contan con corpos de policía autónoma propios no seu territorio e estean nesa mesma situación de cumprimento dos seus obxectivos de estabilidade ven limitada a posibilidade de reposición da policía ao dez por cento que rexe para aquelas administracións locais que se encontran en situación de incumprimento dos ditos obxectivos de estabilidade.

Unha vez posta de manifesto esta diferenza de trato, e ao non existir ningunha razón que o xustifique, resulta necesario proceder a adecuar a norma que ata agora o sustenta, de forma que o trato dispensado a situacións que resultan equiparables sexa, igualmente, o mesmo.

A brevidade dos prazos con que se conta para poder levar a cabo as correspondentes ofertas de emprego e convocatorias dentro do exercicio, atendendo ao avanzado del, é o que xustifica suficientemente a urxencia en regular a materia mediante a figura do decreto lei.

Os prazos que comporta a tramitación lexislativa ordinaria, mesmo por breves que estes sexan, determinarían a imposibilidade de contar coas convocatorias dentro do exercicio en que a norma resulta de aplicación, o que supoñería un claro prexuízo para as administracións afectadas totalmente inxustificado.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de novembro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. Concesión dun crédito extraordinario destinado ao Plan de impulso ao ambiente «PIMA Aire 4».

Para financiar a concesión das axudas previstas no Plan de impulso ao ambiente «PIMA Aire 4», concédese un crédito extraordinario no orzamento da sección 23 «Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», servizo 08 «Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural», programa 456B «Protección e mellora do ambiente», capítulo 7 «Transferencias de capital», artigo 77 «A empresas privadas», concepto 771 «Plan de impulso ao ambiente «PIMA Aire 4»», por importe de 9.600.000 euros.

Artigo 2. *Concesión dun crédito extraordinario destinado ao Plan de impulso ao ambiente no sector transporte «PIMA Transporte».*

Para financiar a concesión das subvencións previstas no Plan de impulso ao ambiente no sector transporte «PIMA transporte», concédese un crédito extraordinario no orzamento da sección 23 «Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», servizo 04 «Secretaría de Estado de Medio Ambiente», Programa 456M «Actuacións para a prevención da contaminación e do cambio climático», capítulo 7 «Transferencias de capital», artigo 77 «A empresas privadas», concepto 772 «Plan PIMA Transportes», por importe de 4.700.000 euros.

Artigo 3. *Concesión dun suplemento de crédito para a xestión dos plans.*

Para a xestión dos plans referidos nos dous artigos anteriores concédese un suplemento de crédito no orzamento da sección 23 «Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», servizo 01 «Ministerio, Subsecretaría e Servizos Xerais», programa 451O «Dirección e Servizos Xerais de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», capítulo 2 «Gastos correntes en bens e servizos», artigo 22 «Material, subministracións e outros», concepto 227 «Traballos realizados por outras empresas e profesionais», subconcepto 227.06 «Estudos e traballos técnicos», por importe de 700.000 euros.

Artigo 4. *Concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito para atender as necesidades derivadas do abrocho do ébola en España.*

Para facer fronte ás necesidades derivadas do abrocho do ébola en España concédense créditos extraordinarios e suplementos de crédito por importe total de 13.853.815,33 euros, nos orzamentos dos ministerios de Defensa, de Facenda e Administracións Públicas, de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e de Economía e Competitividade, segundo o detalle que se recolle no anexo I.

Artigo 5. *Modificación do orzamento do organismo autónomo «Instituto de Saúde Carlos III».*

Para atender as necesidades derivadas do abrocho do ébola en España apróbanse créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do organismo autónomo «Instituto de Saúde Carlos III» por importe de 870.000 euros, nos termos que se recollen no anexo I.

Estes créditos extraordinarios e suplementarios financiaranse co crédito extraordinario que, polo mesmo importe, se concede no orzamento da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competitividade.

Artigo 6. *Concesión dun suplemento de crédito para financiar proxectos de prevención nos países afectados polo abrocho do ébola e nas súas zonas fronteirizas.*

Para financiar proxectos de prevención nos países afectados polo abrocho do ébola e nas súas zonas fronteirizas concédese un suplemento de crédito no vixente orzamento da sección 12 «Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación», servizo 03 «Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica», programa 000X «Transferencias internas», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 43 «A axencias estatais e outros organismos públicos», concepto 430 «Á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, para atender os gastos derivados de proxectos de axuda oficial ao desenvolvemento, incluídos os propostos ou os que executarán as organizacións non gubernamentais, con destino a países en vías de desenvolvemento», por importe de 7.000.000,00 euros.

O suplemento de crédito que se concede no parágrafo anterior financiará unha variación de crédito no orzamento da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento nos termos que se recollen a seguir:

Orzamento de ingresos

Alta

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe (euros)
12.401.404	Para atender gastos derivados de proxectos de Axuda Oficial ao Desenvolvemento, incluídos os propostos ou os que executarán as organizacións non gobernamentais, con destino a países en vías de desenvolvemento.	7.000.000,00

Orzamento de gastos

Alta

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe (euros)
12.401.143A.496.02	Para axuda oficial ao desenvolvemento. Axuda humanitaria.	7.000.000,00

Artigo 7. Concesión de créditos extraordinarios para atender o pagamento de achegas a institucións financeiras multilaterais.

Para proceder ao aboamento de obrigas pendentes con institucións financeiras multilaterais correspondentes a exercicios anteriores, concédense créditos extraordinarios por importe total de 160.271.808,41 euros na sección 27 «Ministerio de Economía e Competitividade», servizo 06 «Dirección Xeral de Análise Macroeconómica e Economía Internacional», programa 923P «Relacións cos organismos financeiros multilaterais», concepto 490 «Contribucións a institucións financeiras multilaterais. Obrigas de exercicios anteriores», co seguinte detalle:

Subconcepto	Denominación	Importe (euros)
01	Ao BIRD (atrasos Fundación CEDDET)	3.000.000,00
02	Ao Banco Africano de Desenvolvemento (atrasos Fondo Africano de Desenvolvemento XII) . . .	80.000.000,00
03	Ao Banco Asiático de Desenvolvemento (atrasos Fondo Asiático de Desenvolvemento X)	20.274.845,00
04	Atrasos Fondo Ambiente Mundial 5 (GEF 5)	17.810.000,00
05	Ao Banco Centroamericano de Integración Económica (atrasos Fondo Español de Consultoría) . . .	916.393,00
06	Á Corporación Andina de Fomento (Iniciativa Iberoamericana de Carbono)	8.270.570,41
07	Ao BIRD (atrasos Fondo de Tecnoloxías Limpas)	30.000.000,00

Artigo 8. Concesión dun crédito extraordinario e un suplemento de crédito para atender gastos de cuñaxe e posta en circulación de moedas euros.

1. Para permitir a aplicación ao orzamento dos saldos contables derivados da cuñaxe de moedas euros e da posta en circulación da moeda metálica, correspondente a 2013, concédese un crédito extraordinario no vixente orzamento da sección 27 «Ministerio de Economía e Competitividade», servizo 04 «Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira», programa 923O «Xestión da Débeda e da Tesouraría do Estado», concepto 358 «Gastos derivados da cuñaxe e da posta en circulación das moedas euro correspondentes ao ano 2013», por importe de 883.073,79 euros.

2. Para atender os gastos derivados da cuñaxe e da posta en circulación de moedas euros, correspondentes a 2014, concédese un suplemento de crédito no vixente

orçamento da sección 27 «Ministerio de Economía e Competitividade», servizo 04 «Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira», programa 923O «Xestión da Débeda e da Tesouraría do Estado», concepto 357 «Gastos derivados da cuñaxe e da posta en circulación das moedas euros», por importe de 32.745.408,79 euros.

Artigo 9. *Concesión dun suplemento de crédito para financiar os programas de desenvolvemento rural das comunidades autónomas.*

Para financiar os programas de desenvolvemento rural das comunidades autónomas concédese un suplemento de crédito no vixente orzamento da sección 23 «Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente», servizo 18 «Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal», programa 000X «Transferencias internas», capítulo 7 «Transferencias de capital», artigo 71 «A organismos autónomos», concepto 718 «Ao Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) para cofinanciamento de programas de desenvolvemento rural», por importe de 30.000.000,00 euros.

O suplemento de crédito que se concede no parágrafo anterior financiará suplemento de crédito no orzamento do Fondo Español de Garantía Agraria nos termos que se recollen a seguir:

Orzamento de ingresos

Alta

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe (euros)
23.211.700.06	Do departamento a que está adscrito. Para cofinanciamento dos programas de desenvolvemento rural.	30.000.000,00

Orzamento de gastos

Alta

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe (euros)
23.211.414B.753	Actuacións cofinanciadas coa Unión Europea-Plans de desenvolvemento rural.	30.000.000,00

Artigo 10. *Financiamento.*

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se conceden no orzamento do Estado financiaranse con débeda pública.

Artigo 11. *Incorporación de remanentes.*

Os remanentes de crédito que se poidan producir ao final do exercicio 2014 nos créditos extraordinarios que se conceden no artigo 4 deste real decreto lei, correspondentes ao capítulo 2 «Gastos correntes en bens e servizos» e ao capítulo 6 «Investimentos reais», poderán ser incorporados ao orzamento para 2015.

Artigo 12. *Réxime de contratación.*

Para os efectos do disposto no artigo 113 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, terán a consideración de obras, servizos ou subministracións de emerxencia os destinados a facer fronte a cantas necesidades derivan da aparición do virus do Ébola en España, en execución dos créditos consignados na presente norma, calquera que sexa a súa contía.

Disposición adicional primeira. *Colaboración da Dirección Xeral da Policía coa Intervención Xeral da Administración do Estado.*

O Sistema de verificación de datos de identidade facilitará á base de datos nacional de subvencións, establecendo as medidas de seguridade oportunas, a consulta e comprobación dos datos dos beneficiarios de subvencións e axudas públicas, proporcionando os correspondentes datos de filiación, sen que para iso sexa preciso requirir a autorización dos interesados.

Disposición adicional segunda. *Consello de Transparencia e Bo Goberno.*

Mentres non se aprobe o orzamento do Consello de Transparencia e Bo Goberno, os gastos de instalación e funcionamento, así como o pagamento de retribucións do persoal, atenderanse con cargo ao orzamento do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, dos seus organismos e entidades públicas vinculadas ou dependentes logo da realización, se for necesario, das correspondentes modificacións de crédito.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2014.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2014, engádese un novo parágrafo á alínea C) do punto 2 do número un do artigo 21, coa seguinte redacción:

«No suposto das prazas correspondentes ao persoal da policía autónoma, poderase alcanzar o cento por cento da taxa de reposición de efectivos sempre que se trate de comunidades autónomas que cumpran os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública establecidos de conformidade coa Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, tanto na liquidación do orzamento do exercicio inmediato anterior como no orzamento vixente.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de novembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

Créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se conceden

Sección 14: Ministerio de Defensa

Créditos extraordinarios:

Servizo 01. Ministerio e Subsecretaría

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
312A <u>Artigo 22</u>	<u>Material, subministracións e outros</u>	
Concepto 228	Material, subministracións e outros para necesidades derivadas do abrocho do ébola	838.000,00
<u>Artigo 62</u>	<u>Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos</u>	
Concepto 626	Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos para necesidades derivadas do abrocho do ébola.	1.662.000,00

Servizo 03. Secretaría de Estado da Defensa

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
122A <u>Artigo 65</u>	<u>Investimentos militares en infraestrutura e outros bens</u>	
Concepto 656	Investimentos militares en infraestrutura e outros bens para necesidades derivadas do abrocho do ébola.	2.500.000,00

Servizo 12. Exército de Terra

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
121M <u>Artigo 22</u>	<u>Material, subministracións e outros</u>	
Concepto 228	Material, subministracións e outros para necesidades derivadas do abrocho do ébola	5.600,00
Concepto 236	Indemnizacións por razón do servizo para necesidades derivadas do abrocho do ébola	97.450,50
122A <u>Artigo 65</u>	<u>Investimentos militares en infraestrutura e outros bens</u>	
Concepto 656	Investimentos militares en infraestrutura e outros bens para necesidades derivadas do abrocho do ébola	678.600,00
122M <u>Artigo 22</u>	<u>Material, subministracións e outros</u>	
Concepto 228	Material, subministracións e outros para necesidades derivadas do abrocho do ébola	279.910,00
122N <u>Artigo 22</u>	<u>Material, subministracións e outros</u>	

Servizo 17. Armada

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
122M <u>Artigo 22</u>	<u>Material, subministracións e outros</u>	
Concepto 228	Material, subministracións e outros para necesidades derivadas do abrocho do ébola	184.360,00
122N <u>Artigo 66</u>	<u>Investimentos militares asociados ao funcionamento dos servizos</u>	
Artigo 666	Investimentos militares asociadas ao funcionamento dos servizos para necesidades derivadas do abrocho do ébola	198.282,00

Servizo 22. Exército do Aire

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
122M <u>Artigo 22</u>	<u>Material, subministracións e outros</u>	
Concepto 228	Material, subministracións e outros para necesidades derivadas do abrocho do ébola	715.445,88
Concepto 236	Indemnizacións por razón do servizo para necesidades derivadas do abrocho do ébola	20.367,38
122N <u>Artigo 66</u>	<u>Investimentos militares asociadas ao funcionamento dos servizos</u>	
Concepto 666	Investimentos militares asociados ao funcionamento dos servizos para necesidades derivadas do abrocho do ébola	290.787,62

Denominación dos programas

121M: Administración e servizos xerais de Defensa

122A: Modernización das Forzas Armadas

122M: Gastos operativos das Forzas Armadas

122N: Apoio loxístico

312A: Asistencia hospitalaria nas Forzas Armadas

Sección 15: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas**Créditos extraordinarios:****Servizo 28. Dirección Xeral de Coordinación da Administración Periférica do Estado**

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
921P <u>Artigo 23</u>	<u>Indemnizacións por razón do servizo</u>	
Concepto 236	Indemnizacións por razón do servizo para necesidades derivadas do abrocho do ébola	44.940,00

Suplementos de crédito:**Servizo 28. Dirección Xeral de Coordinación da Administración Periférica do Estado**

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
921P <u>Artigo 12</u>	<u>Funcionarios</u>	
Concepto 120	Retribucións básicas	
	00 Soldos do grupo A1 e grupo A.	256.415,50
<u>Artigo 15</u>	<u>Incentivos ao rendemento</u>	
Concepto 151	Gratificacións	180.000,00
<u>Artigo 16</u>	<u>Cotas, prestacións e gastos sociais por conta do empregador</u>	
Concepto 160	Cotas sociais	
	00 Seguridade Social	59.155,05

Denominación dos programas

921P: Administración periférica do Estado.

Sección 26: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade**Suplementos de crédito****Servizo 01. Ministerio e Subsecretaría.**

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
311M <u>Artigo 15</u>	<u>Incentivos ao rendemento</u>	
Concepto 150	Productividade	42.000,00

Servizo 07. Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación.

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
313B <u>Artigo 12</u>	<u>Funcionarios</u>	
Concepto 121	Retribucións complementarias	
	00 Complemento de destino	400,00
	01 Complemento específico	5.655,00

Crédito extraordinario**Servizo 09. Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia**

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
000X <u>Artigo 42</u>	<u>Á Seguridade Social</u>	
Concepto 423	Ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, para atender necesidades derivadas do abrocho do ébola en España	4.923.246,40

Denominación dos programas

311M: Dirección e Servizos Xerais de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

313B: Saúde Pública, Sanidade Exterior e Calidade

000X: Transferencias internas.

Sección 27: Ministerio de Economía e Competitividade**Crédito extraordinario****Servizo 11. Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación**

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
000X <u>Artigo 41</u>	<u>A organismos autónomos</u>	
Concepto 414	Ao Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII) para necesidades derivadas do abrocho do ébola	870.000,00

Organismo 27.205: “Instituto de Saúde Carlos III”Orzamento de ingresosAlta

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe (euros)
27.205.400.01	Para necesidades derivadas do abrocho do ébola en España	870.000,00

Orzamento de gastos**Créditos extraordinarios**

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe (euros)
27.205.465A.217	Maquinaria, instalacións e utensilios para necesidades derivadas do abrocho do ébola	250.000,00
27.205.465A.228	Material e subministracións e outros para necesidades derivadas do abrocho do ébola	565.000,00

Suplementos de crédito

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe (euros)
27.205.465A.151	Gratificacións	55.000,00

Denominación dos programas

465A: Investigación sanitaria.

000X: Transferencias internas.